

Directiva 76/769/CEE do Consello relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (tolueno e triclorobenceno).

A Comisión, no marco do Regulamento (CEE) n.º 793/93 do Consello, do 23 de marzo de 1993, sobre avaliación e control do risco das substancias existentes, efectuou unha avaliación do risco do tolueno e do triclorobenceno e recomendou aplicar restricións para limitar os riscos derivados de determinados usos das ditas substancias, co fin de protexer a saúde humana e o ambiente. Estas restricións son obxecto da Directiva 2005/59/CE antes citada.

Mediante esta disposición incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2005.

Na súa tramitación foron oídos os sectores afectados.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispón:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos.*

Engádense ao anexo I-parte 1 do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos, os puntos 48 (tolueno) e 49 (triclorobenceno) que figuran a continuación, coas súas correspondentes limitacións:

Denominación das substancias	Limitacións
48. Tolueno. N.º CAS 108-88-3.	Non se poderá comercializar nin utilizar como substancia ou compoñente de preparados en concentracións iguais ou superiores ao 0,1% en masa en adhesivos ou en pinturas en spray destinados á venda ao público en xeral.
49. Triclorobenceno. N.º CAS 120-82-1.	Non se poderá comercializar nin utilizar como substancia ou compoñente de preparados en concentracións iguais ou superiores ao 0,1% en masa para ningún uso, salvo: <ul style="list-style-type: none"> - como produto intermedio de síntese, ou - como disolvente de procesos en aplicacións químicas pechadas para reaccións de cloración, ou - para a produción de 1,3,5-trinitro-2,4,6-triaminobenceno (TATB).

Disposición transitoria única. *Prazo de aplicación.*

As limitacións establecidas no artigo único non se aplicarán ata o 15 de xuño de 2007.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde trasponse ao dereito español a Directiva 2005/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2005, pola que se modifica por vixésimo oitava vez a Directiva 76/769/CEE do Consello relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (tolueno e triclorobenceno).

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de setembro de 2006.—A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.

15577 *ORDE PRE/2744/2006, do 5 de setembro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos (hidrocarburos aromáticos policíclicos en aceites diluentes e en pneumáticos).* («BOE» 214, do 7-9-2006.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, estableceu unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos. Ditouse consonte a normativa da Unión Europea que regula esta materia, constituída fundamentalmente pola Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos, e polas súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

Recentemente publicouse a Directiva 2005/69/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2005, pola que se modifica por vixésimo sétima vez a Directiva 76/769/CEE do Consello, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (hidrocarburos aromáticos policíclicos en aceites diluentes e en pneumáticos).

Na fabricación dos pneumáticos utilízanse aceites diluentes que poden conter hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP), os cales se incorporan aos pneumáticos. Como consecuencia do seu uso, estes liberan HAP ao ambiente. Os HAP, entre os cales está o benzo(a)pireno, clasificáronse como substancias carcinoxénicas, mutaxénicas e tóxicas para a reprodución (substancias C/M/R). Por conseguinte, e co fin de lograr un elevado nivel de protección da saúde humana e do ambiente, así como

para contribuír á redución das emisións anuais totais de HAP, tal como se establece no Protocolo de 1998 do Convenio de 1979 sobre a contaminación atmosférica transfronteiriza a gran distancia provocada por contaminantes orgánicos persistentes, fíxose necesario restrinxir a comercialización e o uso de aceites diluentes cun contido elevado en HAP e das mesturas utilizadas como aceites diluentes na fabricación de pneumáticos. Estas medidas son obxecto da Directiva 2005/69/CE antes citada.

Mediante esta disposición incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2005/69/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de novembro de 2005.

Na súa tramitación foron oídos os sectores afectados.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos.*

Engádesse ao anexo I-parte 1 do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos, o punto 50 (hidrocarburos aromáticos policíclicos, HAP) que figura a continuación, coas súas correspondentes limitacións:

Denominación das substancias, dos grupos de substancias ou dos preparados	Limitacións
<p>50. Hidrocarburos aromáticos policíclicos (HAP):</p> <p>1. Benzo(a)pireno (BaP) N.º CAS 50-32-8.</p> <p>2. Benzo(e)pireno (BeP) N.º CAS 192-97-2.</p> <p>3. Benzo(a)antraceno (BaA) N.º CAS 56-55-3.</p> <p>4. Criseno (CHR) N.º CAS 218-01-9.</p> <p>5. Benzo(b)fluoranteno (BbFA) N.º CAS 205-99-2.</p> <p>6. Benzo(j)fluoranteno (BjFA) N.º Cas 205-82-3.</p> <p>7. Benzo(k)fluoranteno (BkFA) N.º CAS 207-08-9.</p> <p>8. Dibenzo(a, h)antraceno (DBAhA) N.º CAS 53-70-3.</p>	<p>(1) Os aceites diluentes non se poderán comercializar nin usar para a fabricación de pneumáticos ou partes de pneumáticos se conteñen: – máis de 1 mg/kg de BaP, ou – máis de 10 mg/kg da suma de todos os HAP incluídos na lista. Considerarase que se respectan os devanditos límites se o extracto de aromáticos policíclicos (PCA) é inferior ao 3% en masa, medido consonte a norma do Instituto do Petróleo IP346:1998 (Determinación de PCA en aceites lubricantes de base non utilizados e fraccións de petróleo sen asfalto-método do índice de refracción da extracción do dimetil sulfóxido), sempre que a observancia dos valores límite de BaP e dos HAP incluídos na lista, así como a correlación dos valores medidos co extracto de PCA sexan obxecto de control por parte do fabricante ou do importador cada seis meses ou despois de se introducir un cambio operativo de primeira orde; optarase pola data máis temperá.</p> <p>(2) Ademais, non se poderán comercializar os pneumáticos nin as bandas de rodadura para o recauchutado fabricadas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2010 que conteñan aceites diluentes por encima dos límites indicados no punto 1. Considerarase que se respectan os ditos límites se os compostos de caucho vulcanizado non superan o límite do 0,35% de protóns de concavidade (Bay protóns), medido e calculado mediante o método ISO 21461 (Caucho vulcanizado-Determinación da aromaticidade dos aceites nos compostos de caucho vulcanizado).</p> <p>(3) A modo de excepción, o punto 2 non será aplicable aos pneumáticos recauchutados cuxa banda de rodadura non conteña aceites diluentes nunha cantidade superior aos límites indicados no punto 1.</p>

Disposición transitoria única. *Prazo de aplicación.*

As limitacións establecidas no artigo único non se aplicarán ata o 1 de xaneiro de 2010.

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde trasponse ao dereito español a Directiva 2005/69/CE do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se modifica por vixésimo sétima vez a Directiva 76/769/CEE do Consello, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas

dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (hidrocarburos aromáticos policíclicos en aceites diluentes e en pneumáticos).

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de setembro de 2006.–A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, María Teresa Fernández de la Vega Sanz.